



Resolución reitoral de 14 de outubro de 2025 pola que se convoca un concurso de acceso a prazas de profesorado titular de universidade

De conformidade coa Oferta de Emprego Público (OEP) de persoal docente e investigador para o ano 2025, aprobada por Resolución Reitoral do 2 de xuño de 2025 (DOG do 10 de xuño de 2025) e despois do acordo do Consello de Goberno desta universidade do 30 de setembro de 2025, esta Reitoría, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, resolve convocar os concursos de acceso das prazas que se relacionan no anexo I da presente resolución, de acordo coas seguintes bases:

1. Normativa aplicable

O procedemento de selección rexerase por:

- a) A Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU).
- b) Real Decreto 678/2023, do 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas dos ditos corpos.
- c) A normativa para a selección de persoal docente e investigador aprobada polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña (UDC) o 07/11/2024.
- d) As instrucións de actuación telemática das comisións de selección publicadas no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) o 31/10/2024.
- e) Demais disposicións legais vixentes aplicables.

2. Requisitos dos/as aspirantes

Os/as candidatos/as deberán cumprir os seguintes requisitos no último día de prazo de presentación de solicitudes:

2.1 Requisitos xerais

- a) Ter nacionalidade española ou outra que permita o acceso ao emprego público, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- b) Estar en posesión da titulación esixida.
- c) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose sido separada ou inhabilitada.
No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- d) Cumprir os requisitos mínimos e máximos de idade legalmente establecidos para o acceso á Administración Pública.
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- f) Ter aboado as taxas por dereitos de exame dentro do prazo de presentación de solicitudes.

O requisito e) deberá ser acreditado no acto de toma de posesión.



2.2 Requisitos específicos

- a) Posuír o título de doutor/a.
No caso de títulos obtidos no estranxeiro, deberá estar en posesión da correspondente declaración de equivalencia ao nivel académico de doutor/a, tal como establece a disposición adicional segunda do RD 889/2022, de 18 de outubro, polo que se establecen as condicións e os procedementos de homologación, de declaración de equivalencia e de validación de ensinanzas universitarias de sistemas educativos estranxeiros e polo que se regula o procedemento para establecer a correspondencia ao nivel de MECES dos títulos universitarios oficiais pertencentes a ordenacións académicas anteriores.
- b) Contar co certificado de acreditación para o acceso ao corpo de Profesores/as Titulares de Universidade, emitido pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) ou ben estar habilitado/a para o Corpo de Profesores/as Titulares de Universidade conforme ao establecido no Real Decreto 774/2002, do 26 de xullo.

3. Presentación de solicitudes

3.1 Prazo e forma de presentación

As solicitudes deberán presentarse a través da sede electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>), na sección de trámites de Xestión Académica, utilizando o modelo oficial adxunto no anexo II xunto co resto da documentación na forma que se indica no anexo III.

O prazo para a presentación de solicitudes será de dez días hábiles a partir do día seguinte á publicación do anuncio desta convocatoria no «Boletín Oficial do Estado» (BOE). Cando o derradeiro día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, tal como establece o artigo 30.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

3.2 Documentación requirida

- a) Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou equivalente en vigor.
As persoas que se atopen nalgún dos supostos recollidos nos apartados c e d do punto 1 do artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia deberán presentar, ademais, os documentos acreditativos do vínculo de parentesco e, de ser o caso, do feito de vivir a expensas ou estar a cargo dun nacional dun Estado membro da Unión Europea. A acreditación realizarase por medio de certificados expedidos polas autoridades competentes do seu país de orixe, traducidos a algunha das linguas oficiais da UDC.
- b) Copia do anverso e reverso do título académico de doutor/a
- c) Copia do certificado de acreditación ou de habilitación para o acceso ao corpo de Profesores/as Titulares de Universidade.
- d) Xustificante de pago na conta corrente IBAN ES76 0049 5030 1525 1601 1262, concursos-oposicións; Banco Santander SA, da cantidade de 44,17 euros por cada praza a que se concursa, dentro do prazo de presentación de solicitudes e facendo constar como concepto a referencia do número da praza á que se opta.
En ningún caso o pago suporá a substitución do trámite de presentación da solicitude, en tempo e forma.



Exencións e bonificacións:

Condições	Exención/bonificación	Documentación a presentar coa solicitude
Discapacidade igual ou superior ao 33%	Exención de pago	Copia da cualificación do grao de discapacidade vixente
Familia numerosa de categoría especial	Exención de pago	Copia do título de familia numerosa vixente
Familia numerosa de categoría xeral	Bonificación 50%	
Demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses anteriores á data de publicación da presente convocatoria, e que non estean percibindo prestación ou subsidio por desemprego	Bonificación 50%	Certificación da oficina dos servizos públicos de emprego

A falta de pago dos dereitos de exame no prazo de presentación de solicitudes non é reparable e determinará a exclusión definitiva do concurso, excepto que no prazo de subsanación acredite ter realizado o pago dentro do prazo de presentación de solicitudes ou ter dereito á exención do citado pago.

Unicamente procederá a devolución dos dereitos de exame ás persoas aspirantes que sexan excluídas por causas non imputables a elas. A tal efecto, a persoa interesada deberá presentar a correspondente solicitude.

4. Admisión de aspirantes

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, nos dez días hábiles seguintes, o Servizo de Persoal Docente e Investigador (PDI) publicará no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) (https://sede.udc.gal/services/electronic_board) a resolución reitoral coa relación provisional de persoas admitidas e excluídas, e se é o caso, as causas de exclusión.

Os aspirantes excluídos, disporán dun prazo de dez días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación da referida relación, para corrixir o defecto que motivou a exclusión ou presentar alegacións contra a eventual omisión na relación, a través do rexistro electrónico da universidade (https://sede.udc.gal/services/telematic_register).

Transcorrido este prazo, o reitor ditará resolución coa lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicará no TEO, xunto coa composición da comisión de selección.

5. Procedemento de selección

5.1 Comisións de selección

As comisións estarán compostas por cinco membros titulares e cinco suplentes, dos cales polo menos tres titulares e tres suplentes serán alleos á UDC. Os vogais serán elixidos por sorteo público a partir dunha lista cualificada de profesorado e persoal investigador elaborada polo departamento correspondente.



Conforme ao establecido no artigo 34.3 do RD 678/2023, os currículos dos membros das comisións de acceso serán públicos e poderán ser consultados na páxina web da UDC (<https://www.udc.es/gl/pdi/concursos/>)

O acto de constitución realizarase nos trinta días hábiles seguintes á publicación da relación definitiva de aspirantes.

As comisións quedarán validamente constituídas coa presenza de todos os seus membros. Se algún dos membros titulares non puiden asistir, será substituído polo correspondente suplente, garantindo o principio de composición paritaria entre mulleres e homes, excepto que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

No acto de constitución, a comisión de selección establecerá os criterios de valoración, tendo en conta as directrices establecidas no anexo IV da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de Persoal Docente e Investigador (https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2024/008762). A presidencia da comisión de selección enviarállos ao Servizo de PDI (servizo.pdi@udc.es) para a súa publicación no TEO.

Para a válida actuación das comisións requírese, cando menos, a asistencia de catro dos seus membros.

Os acordos das comisións serán motivados e adoptaranse por maioría. No caso de empate, decidirá o voto de calidade da presidencia.

A participación dos membros alleos á UDC realizarase por defecto a través dos medios telemáticos institucionais. Os membros da UDC actuarán no centro ao que estea adscrito o departamento que solicite a praza ou, excepcionalmente, no centro da UDC do que formen parte a maioría dos membros da comisión.

Os membros da comisión de selección terán dereito a percibir as indemnizacións establecidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia.

5.2 Desenvolvemento del concurso

5.2.1 Unha vez publicados os criterios de valoración, a presidencia da comisión realizará a convocatoria para o acto de presentación, cunha antelación mínima de sete días hábiles, que incluírá o lugar, a data e a hora de presentación. Para estes efectos a presidencia da comisión enviará esta convocatoria ao Servizo de PDI con antelación suficiente para a súa publicación no TEO.

No acto de presentación, que será público, as persoas candidatas entregarán á presidencia da comisión o currículo e a documentación acreditativa dos méritos en soporte electrónico (ver indicacións no anexo IV). De non actuar presencialmente a persoa que ocupa a presidencia, entregarase a quen ocupe a secretaría ou a quen desempeñe as funcións de custodia da documentación.

5.2.2 O concurso constará de dúas probas, ambas de carácter público e eliminatorio:

a) A primeira proba consistirá na exposición e defensa oral dos méritos e do historial académico, docente e investigador, incluíndo o de transferencia e intercambio do coñecemento, de xestión. A exposición non poderá exceder os sesenta minutos e irá seguida dun debate coa comisión durante un tempo máximo de dúas horas. Unha vez rematada a



proba, cada membro da comisión emitirá un informe razoado e axustado aos criterios de valoración previamente establecidos. Para superar a primeira proba será necesario obter, como mínimo, tres votos favorables.

A acta de votación publicárase no TEO xunto coa convocatoria para a segunda proba, que incluíra a data, a hora e o lugar de entrega en formato electrónico dos proxectos docente e investigador; así como, a data, a hora e o lugar de inicio da realización das probas, xunto coa orde de intervención das persoas aspirantes.

b) O proxecto docente deberá corresponder a unha materia obrigatoria ou de formación básica da área de coñecemento á que estea adscrita a praza. Terá unha extensión máxima de 100.000 caracteres (incluíndo espazos) e deberá referirse, polo menos, aos seguintes aspectos: datos descritivos da materia, sentido da materia no plan de estudos, obxectivos, desenvolvemento do temario, metodoloxía de ensino-aprendizaxe, bibliografía e criterios de avaliación.

O proxecto investigador que desenvolverán no caso de serlles adxudicada a praza terá unha extensión máxima de 50.000 caracteres (incluíndo espazos). Terá que ser un proxecto orixinal e deberá referirse, polo menos, aos seguintes aspectos: descrición da proposta científica; antecedentes, estado actual e xustificación (incluíndo bibliografía esencial); obxectivos xerais e específicos; metodoloxía e impacto científico-técnico esperado.

c) A segunda proba consistirá na exposición oral do proxecto docente e do proxecto investigador durante un tempo máximo de sesenta minutos. Seguidamente, a comisión debaterá con cada unha das persoas aspirantes sobre os contidos da súa exposición durante un tempo máximo de dúas horas. Unha vez finalizada a proba, cada membro da comisión emitirá un informe razoado e axustado aos criterios de valoración previamente establecidos.

d) Cando exista unha única persoa aspirante e esta teña a condición de titular de universidade, profesor/a contratado/a doutor/a ou permanente laboral, a comisión, despois de analizar a documentación presentada, poderá eximila de realizar as probas, se considera por unanimidade que resulta suficiente para superar o concurso de selección.

A comisión redactará a acta da segunda proba, que se publicará no TEO.

5.2.3 A secretaría da comisión garantirá que a documentación entregada polas persoas concursantes poida ser consultada antes do inicio das probas por todas as persoas candidatas que así o desexen.

6. Resolución e reclamacións

6.1. Publicación de resultados

Unha vez realizadas as valoracións, a comisión de selección formulará a súa proposta de provisión, na que figurará a persoa candidata ou as candidatas seleccionadas por orde de puntuación.

Se a comisión considera que ningunha das persoas candidatas reúne os méritos suficientes para desempeñar a praza obxecto do concurso, poderá propoñer a non provisión da praza xustificando as causas que motivan tal proposta.

A proposta de provisión deberá publicarse no TEO, no prazo máximo de trinta días hábiles desde a constitución da comisión, xunto coa acta de valoracións da segunda proba. Se por causa xustificada a comisión non puidese resolver no citado prazo, a presidencia da comisión



poderá solicitar á vicerreitoría con competencias en profesorado un prazo adicional de quince días hábiles. De non cumprirse os prazos, nomearase unha nova presidencia.

6.2 Documentación a presentar pola persoa proposta

A persoa proposta en primeiro lugar deberá presentar no Servizo de PDI, no prazo de vinte días contados desde o seguinte á publicación da proposta, a seguinte documentación:

a) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado/a de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións docentes.

As persoas candidatas que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar que non están sometidas a sanción disciplinaria ou condena penal que lles impida, no seu Estado, o acceso á función pública, segundo o establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro («Boletín Oficial do Estado» do 24).

b) Certificado médico oficial ou informe de saúde que acredite non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que incapacite para o desempeño das funcións correspondentes a docente de universidade.

c) Declaración xurada ou promesa de non incorrer en incompatibilidade segundo o establecido na Lei 53/1984, do 26 de setembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

6.3 Prazo de reclamación

As persoas concursantes poderán presentar reclamacións razoadas nun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación dos resultados, a través do rexistro electrónico da UDC, dirixidas ao Servizo de PDI.

Transcorrido o prazo, e no suposto de non haber reclamacións contra a proposta, a presidencia da comisión remitirá todas as actuacións realizadas ao Servizo de PDI en formato electrónico, a efectos de que o reitor dite a resolución do concurso, que se publicará no BOE, no DOG e no TEO.

No suposto de que se presentase unha reclamación, a comisión trasladará o expediente administrativo do concurso, acompañado dun informe razoado sobre esta ao Servizo de PDI no prazo máximo de cinco días hábiles, que o remitirá á presidencia da comisión de reclamacións de prazas de profesorado dos corpos docentes universitarios. O nomeamento quedará suspendido ata que recaia resolución reitoral.

A comisión de reclamacións deberá formular a súa proposta razoada no prazo máximo de tres meses desde a recepción das actuacións ou do expediente administrativo do concurso. Para estes efectos, poderá solicitar os asesoramentos que estime oportunos. Unha vez transcorrido o prazo sen notificar a resolución, entenderase desestimada a reclamación presentada.

A comisión de reclamacións escoitará aos membros da comisión contra cuxa proposta se presentase reclamación e ás persoas candidatas que participasen nela, e examinará o expediente do concurso para velar polo cumprimento das garantías establecidas. Poderá ratificar ou non a proposta da comisión de selección.



7. Nomeamento

O nomeamento como funcionario docente de carreira será efectuado polo Reitor, despois de que a persoa proposta presente os documentos exixidos no apartado 6.2 dentro do prazo establecido. O nomeamento especificará a denominación da praza (corpo, área de coñecemento e departamento). Dito nomeamento será publicado no BOE, no DOG, no TEO e comunicado ao Consello de Universidades.

No prazo máximo de vinte días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do nomeamento no «Boletín Oficial do Estado», a persoa candidata proposta deberá tomar posesión da praza, momento no que adquirirá a condición de funcionario do corpo docente universitario **correspondente**, cos dereitos e deberes que lle son propios.

8. Protección de datos de carácter persoal

As persoas aspirantes aceptan a política de privacidade de UDC, recollida na páxina web da UDC (https://www.udc.es/es/pe/politica_privacidade/) e especificada no formulario de solicitude de participación no proceso selectivo.

9. Norma final

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación. Non obstante, e sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro que se estime procedente, pódese optar por interpoñer un recurso de reposición ante o Reitor, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, neste caso non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente mencionado en tanto non sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, conforme ao previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE do 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 14 de outubro de 2025

P.D. do reitor (R.R do 10.07.2024)

A vicerreitoría de Profesorado

María Teresa López Fernández



ANEXO I
Prazas convocadas

Número de concurso: 25/010 Número de prazas: 1 OEP: 2025
Corpo: Profesor/a Titular de Universidade
Área de coñecemento: Bioloxía Celular
Departamento: Bioloxía
Centro: Facultade de Ciencias

Comisión Titular

Presidente/a Pombal Diego, Manuel Ángel, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Vigo
Secretario/a Adrio Fondevilla, María Fátima, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Santiago de Compostela
Vogal 1º Velasco Arranz, Almudena, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Salamanca
Vogal 2º Sánchez Catalán, María José, Profesor/a Titular de Universidade, Universitat Jaume I - Castellón
Vogal 3º Lamas Fernández, Jesús, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Santiago de Compostela

Comisión Suplente

Presidente/a Lanuza Navarro, Enrique, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Valencia
Secretario/a Molist García, María del Pilar, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Vigo
Vogal 1º de Miguel Villegas, Encarnación, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Vigo
Vogal 2º Martínez García, Fernando, Catedrático/a de Universidade, Universitat Jaume I - Castellón
Vogal 3º Arévalo Arévalo, María Rosario, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Salamanca

Número de concurso: 25/011 Número de prazas:1 OEP:2025
Corpo: Profesor/a Titular de Universidade
Área de coñecemento: Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial
Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información
Centro: Facultade de Informática

Comisión Titular

Presidente/a Dorado de la Calle, Julián Alfonso, Catedrático/a de Universidade, Universidade da Coruña
Secretario/a Gestal Pose, Marcos, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Vogal 1º Isasi Viñuela, Pedro, Catedrático/a de Universidade, Universidade Carlos III de Madrid
Vogal 2º Millán Valdeperas, Eva, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Málaga
Vogal 3º Taboada Iglesias, María Jesús, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Santiago de Compostela



Comisión Suplente

Presidente/a	Dafonte Vázquez, José Carlos, Catedrático/a de Universidade, Universidade da Coruña
Secretario/a	Porto Pazos, Ana Belén, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Vogal 1º	Barreiro Sorrivas, José María, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade Politécnica de Madrid
Vogal 2º	García Remesal, Miguel, Catedrático/a de Universidade, Universidade Politécnica de Madrid
Vogal 3º	de Toledo Heras, María Paula, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade Carlos III de Madrid

Número de concurso: 25/012 Número de prazas: 1 OEP: 2025
Corpo: Profesor/a Titular de Universidade
Área de coñecemento: Enxeñaría Telemática
Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información
Centro: Facultade de Informática

Comisión Titular

Presidente/a	Raposo Santiago, Juan, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Secretario/a	Bellas Permy, Fernando, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Vogal 1º	Carmona Murillo, Javier, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Extremadura
Vogal 2º	Guerrero López, María Carmen, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade Carlos III de Madrid
Vogal 3º	Higuero Aperribai, María Victoria, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade do Pais Vasco

Comisión Suplente

Presidente/a	Álvarez Díaz, Manuel, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Secretario/a	Macías López, Elsa María, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Las Palmas de Gran Canaria
Vogal 1º	Cano Baños, María Dolores, Catedrático/a de Universidade, Universidade Politécnica de Cartagena
Vogal 2º	Navarro Ortiz, Jorge, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Granada
Vogal 3º	Jacob Taquet, Eduardo, Catedrático/a de Universidade, Universidade do Pais Vasco

Número de concurso: 25/013 Número de prazas: 1 OEP: 2025
Corpo: Profesor/a Titular de Universidade
Área de coñecemento: Linguaxes e Sistemas Informáticos
Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información
Centro: Facultade de Informática

Comisión Titular

Presidente/a	Abraham Gonzales, Silvia Mara, Catedrático/a de Universidade, Universidade Politécnica de Valencia
--------------	--



Secretario/a	Corral Liria, Antonio Leopoldo, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Almería
Vogal 1º	Moraga de la Rubia, María de los Ángeles, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Castilla-La Mancha
Vogal 2º	Segura Rueda, Sergio, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Sevilla
Vogal 3º	Ríos Viqueira, José Ramón, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Santiago de Compostela

Comisión Suplente

Presidente/a	Navarro Martínez, Elena María, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Castilla-La Mancha
Secretario/a	Benavides Cuevas, David Felipe, Catedrático de Universidade, Universidade de Santiago de Sevilla
Vogal 1º	Ruiz Carreira, Mercedes, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Cádiz
Vogal 2º	Sancho Samso, María Ribera, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade Politécnica de Cataluña
Vogal 3º	Piattini Velthuis, Mario Gerardo, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Castilla-La Mancha

Número de concurso: 25/014 Número de prazas: 1 OEP: 2025
Corpo: Profesor/a Titular de Universidade
Área de coñecemento: Enfermaría (Terapia Ocupacional)
Departamento: Ciencias da Saúde
Centro: Facultade de Ciencias da Saúde

Comisión Titular

Presidente/a	García Sánchez, María Matilde, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Secretario/a	Movilla Fernández, María Jesús, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Vogal 1º	Mirón González, Rubén, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Alcalá
Vogal 2º	Martín Conty, José Luis, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Castilla-La Mancha
Vogal 3º	Manuera Martínez, Pedro Vicente, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Sevilla

Comisión Suplente

Presidente/a	Coronado Carvajal, Carmen, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Secretario/a	Janeiro Arocas, Julia María, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Vogal 1º	Rodríguez Martínez, María del Carmen, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Málaga
Vogal 2º	Domínguez Maldonado, Gabriel, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Sevilla
Vogal 3º	Huertas Hoyas, Elisabet, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade Rey Juan Carlos



Número de concurso: 25/015 Número de prazas: 1
Corpo: Profesor/a Titular de Universidade
Área de coñecemento: Medicina Preventiva e Saúde Pública
Departamento: Ciencias da Saúde
Centro: Facultade de Ciencias da Saúde

OEP: 2025

Comisión Titular

Presidente/a Cabrera de León, Antonio, Catedrático/a de Universidade, Universidade de La Laguna
Secretario/a Sánchez Villegas, María Almudena, Catedrático/a de Universidade, Universidade Pública de Navarra
Vogal 1º Pérez Ríos, Mónica, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Santiago de Compostela
Vogal 2º Amo Valero, Julia del, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade Miguel Hernández de Elche
Vogal 3º Vioque López, Jesús, Catedrático/a de Universidade, Universidade Miguel Hernández de Elche

Comisión Suplente

Presidente/a Rodríguez Artalejo, Fernando, Catedrático/a de Universidade, Universidade Autónoma de Madrid
Secretario/a Gómez Acebo, Inés, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Cantabria
Vogal 1º García de la Hera, Manuela, Catedrático/a de Universidade, Universidade Miguel Hernández de Elche
Vogal 2º Figueiras Guzmán, Adolfo, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Santiago de Compostela
Vogal 3º Ruano Raviña, Alberto, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Santiago de Compostela

Número de concurso: 25/016 Número de prazas: 1
Corpo: Profesor/a Titular de Universidade
Área de coñecemento: Dereito Procesual
Departamento: Dereito Público
Centro: Facultade de Dereito

OEP: 2025

Comisión Titular

Presidente/a Pérez-Cruz Martín, Agustín, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Oviedo
Secretario/a Ferreiro Baamonde, Xulio Xosé, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Vogal 1º Rodríguez Baamonde, Rosa, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Las Palmas de Gran Canaria
Vogal 2º Loredó Colunga, Marcos, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Oviedo
Vogal 3º Fontestad Portales, María Leticia, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Málaga

Comisión Suplente

Presidente/a Cámara Ruíz, Juan, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Secretario/a López Gil, Juana Milagros, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Málaga



- Vogal 1º Bujosa Vadell, Lorenzo, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Salamanca
- Vogal 2º Bueno de Mata, Federico, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Salamanca
- Vogal 3º Arangüena Fanego, María del Coral, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Valladolid

Número de concurso: 25/017 Número de prazas: 1 OEP: 2025
Corpo: Profesor/a Titular de Universidade
Área de coñecemento: Didáctica da Lingua e Literatura
Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación
Centro: Facultade de Ciencias da Educación

Comisión Titular

- Presidente/a García Laborda, Jesús, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Alcalá
- Secretario/a Couto Cantero, María Pilar, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
- Vogal 1º Ruiz Cecilia, Raúl, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Granada
- Vogal 2º Romero Oliva, Manuel Francisco, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Cádiz
- Vogal 3º Castro Prieto, Paloma, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Valladolid

Comisión Suplente

- Presidente/a de Amo Sánchez-Fortún, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Almería
- Secretario/a de Vicente-Yagüe Jara, María Isabel Catedrático/a de Universidade, Universidade de Murcia
- Vogal 1º González Riaño, Xosé Antón, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Oviedo
- Vogal 2º Guzmán Simón, Fernando, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Sevilla
- Vogal 3º García Parejo, María Isabel, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade Complutense de Madrid

Número de concurso:25/018 Número de prazas:1 OEP:2025
Corpo: Profesor/a Titular de Universidade
Área de coñecemento: Didáctica das Ciencias Sociais
Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación
Centro: Facultade de Ciencias da Educación

Comisión Titular

- Presidente/a Hernández Carretero, Ana María, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Extremadura
- Secretario/a Navarro Medina, Elisa, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Sevilla
- Vogal 1º Peinado Rodríguez, Matilde, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Jaén



- Vogal 2º Egea Vivancos, Alejandro, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Murcia
- Vogal 3º Álvarez Castrillón, José Antonio, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Oviedo

Comisión Suplente

- Presidente/a Díez Bedmar, María del Consuelo, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Jaén
- Secretario/a Puig Gutiérrez, María, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Sevilla
- Vogal 1º Colomer Rubio, Juan Carlos, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Valencia
- Vogal 2º Jaraíz Cabanillas, Francisco Javier, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Extremadura
- Vogal 3º Sebastiá Alcaraz, Rafael, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Alicante

Número de concurso: 25/019 Número de prazas: 1 OEP: 2025
Corpo: Profesor/a Titular de Universidade
Área de coñecemento: Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa
Departamento: Economía
Centro: Facultade de Economía e Empresa

Comisión Titular

- Presidente/a Gómez Suárez, Manuel Alberto, Catedrático/a de Universidade, Universidade da Coruña
- Secretario/a Blanco Louro, Amalia, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
- Vogal 1º Martín Herrán, Guiomar, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Valladolid
- Vogal 2º Pacheco Bonrostro, Joaquín Antonio, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Burgos
- Vogal 3º Pereira López, Xesús, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Santiago de Compostela

Comisión Suplente

- Presidente/a Rey Míguez, Fernando Alberto, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
- Secretario/a Seijas Macías, José Antonio, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
- Vogal 1º Luque Gallego, Mariano, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Málaga
- Vogal 2º Vázquez Cueto, María Josefa, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Sevilla
- Vogal 3º Jordá Gil, Vanesa, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Cantabria

Número de concurso: 25/020 Número de prazas: 1 OEP: 2025
Corpo: Profesor/a Titular de Universidade
Área de coñecemento: Economía Financeira e Contabilidade



Departamento: Empresa

Centro: Facultade de Economía e Empresa

Comisión Titular

- Presidente/a Iglesias Antelo, Susana, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
- Secretario/a Ruiz Lamas, Fernando Carlos, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
- Vogal 1º González Sánchez, María Beatriz, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Vigo
- Vogal 2º Rodríguez de Prado, Francisco, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Vigo
- Vogal 3º Mareque Álvarez-Santullano, María Mercedes, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Vigo

Comisión Suplente

- Presidente/a Muiño Vázquez, María Flora, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
- Secretario/a Boedo Vilabella, Lucía, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
- Vogal 1º Menéndez Requejo, Susana, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Oviedo
- Vogal 2º López-Valeiras Sampedro, Ernesto, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Vigo
- Vogal 3º Lado Sestayo, Rubén, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Santiago de Compostela

Número de concurso: 25/021 Número de prazas: 1 OEP: 2025

Corpo: Profesor/a Titular de Universidade

Área de coñecemento: Construcións Navais

Departamento: Enxeñaría Naval e Industrial

Centro: Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol

Comisión Titular

- Presidente/a Carral Couce, Luis Manuel, Catedrático/a de Universidade, Universidade da Coruña
- Secretario/a Fariñas Alvariño, Pablo, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
- Vogal 1º Legaz Almansa, María José, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade Politécnica de Cartagena
- Vogal 2º Trueba Ruiz, Alfredo, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Cantabria
- Vogal 3º Leo Mena, Teresa de Jesús, Catedrático/a de Universidade, Universidade Politécnica de Madrid

Comisión Suplente

- Presidente/a Bouza Fernández, María Sonia, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
- Secretario/a Castro Santos, Laura, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
- Vogal 1º Girón Portilla, Manuel Alfredo, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Cantabria
- Vogal 2º Mascaraque Ramírez, Carlos Arsenio, Profesor/a Titular de Universidade,



Universidade Politécnica de Cartagena
Vogal 3º Martínez García, José Alfonso, Profesor/a Titular de Universidade,
Universidade Politécnica de Cartagena

Número de concurso: 25/022 Número de prazas: 1 OEP: 2025
Corpo: Profesor/a Titular de Universidade
Área de coñecemento: Mecánica de Fluídos
Departamento: Enxeñaría Naval e Industrial
Centro: Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol

Comisión Titular

Presidente/a Castro Ruiz, Francisco, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Valladolid
Secretario/a Sánchez Simón, María Luisa, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Vogal 1º Rodríguez Rodríguez, Francisco Javier, Catedrático/a de Universidade, Universidade Carlos III de Madrid
Vogal 2º Méndez Bueno, César, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Valladolid
Vogal 3º Argüelles Díaz, Katia María, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Oviedo

Comisión Suplente

Presidente/a Parrondo Gayo, Jorge Luis, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Oviedo
Secretario/a Hernández Rodríguez, Julio, Catedrático/a de Universidade, Universidade Nacional de Educacion a Distancia -UNED-
Vogal 1º Blanco Ilzarbe, Jesús María, Catedrático/a de Universidade, Universidade do País Vasco
Vogal 2º Velarde Suárez, Sandra, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Oviedo
Vogal 3º Galdo Vega, Mónica, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Oviedo

Número de concurso: 25/023 Número de prazas: 1 OEP: 2025
Corpo: Profesor/a Titular de Universidade
Área de coñecemento: Didáctica e Organización Escolar
Departamento: Pedagogía e Didáctica
Centro: Facultade de Ciencias da Educación

Comisión Titular

Presidente/a González Sanmamed, Mercedes, Catedrático/a de Universidade, Universidade da Coruña
Secretario/a Bueno Aguilar, Juan José, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Vogal 1º Gutiérrez Esteban, Prudencia, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Extremadura
Vogal 2º Muñoz Moreno, José Luis, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade Autónoma de Barcelona
Vogal 3º Rivas Flores, José Ignacio, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Málaga



Comisión Suplente

Presidente/a	Rodríguez Romero, María Mar, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Secretario/a	Sánchez Bello, Ana, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Vogal 1º	Valverde Berrocoso, Jesús, Catedrático/a de Universidade, Universidade de Extremadura
Vogal 2º	Anguita Martínez, María del Rocío, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Valladolid
Vogal 3º	Díez Gutiérrez, Enrique Javier, Catedrático/a de Universidade, Universidade de León

Número de concurso: 25/024 Número de prazas: 1 OEP: 2025
Corpo: Profesor/a Titular de Universidade
Área de coñecemento: Socioloxía
Departamento: Socioloxía e Ciencias da Comunicación
Centro: Facultade de Socioloxía

Comisión Titular

Presidente/a	Massó Lago, Matilde, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Secretario/a	Otero Enríquez, Raimundo, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Vogal 1º	Caínzos López, Miguel Ángel, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Santiago de Compostela
Vogal 2º	Durán Vázquez, José Francisco, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Vigo
Vogal 3º	López Rey, María José, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Extremadura

Comisión Suplente

Presidente/a	Fernández Suárez, Mónica Belén, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Secretario/a	Gomis Rodríguez, Alfonso, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Vogal 1º	Santana Turégano, Manuel Ángel, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Laguna
Vogal 2º	García Moreno, José Manuel, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Málaga
Vogal 3º	Blanco Gregory, Rocio, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Extremadura

Número de concurso: 25/025 Número de prazas: 1 OEP: 2025
Corpo: Profesor/a Titular de Universidade
Área de coñecemento: Socioloxía
Departamento: Socioloxía e Ciencias da Comunicación
Centro: Facultade de Socioloxía

Comisión Titular

Presidente/a	Álvarez Sousa, Antonio, Catedrático de Universidade, Universidade da Coruña
--------------	---



Secretario/a	Moré Corral, María Paloma, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Vogal 1º	Lage Picos, Jesús Adolfo, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Vigo
Vogal 2º	Giner Monfort, Jordi, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Valencia
Vogal 3º	López Rey, María José, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Extremadura

Comisión Suplente

Presidente/a	Massó Lago, Matilde, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Secretario/a	Docampo García, Manuel, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade da Coruña
Vogal 1º	Pedreño Cánovas, Andrés, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Murcia
Vogal 2º	Río Ruiz, Ángel, Profesor/a Titular de Universidade, Universidade de Sevilla
Vogal 3º	Castro Martín, Teresa, Profesor/a de Investigación do CSIC, Consello Superior de Investigacións Científicas



ANEXO II

Solicitud de participación no proceso selectivo de persoal docente e investigador

DATOS PERSOAIS	
Nome e apelidos:	
Enderezo (rúa, número, andar):	
Localidade, código postal e provincia:	
Enderezo electrónico:	Teléfono:
DATOS DA PRAZA	
Número:	Categoría:
Sistema de acceso: ☐ Quenda libre ☐ Promoción interna	
Discapacidade: ☐ Si ☐ Non	
TITULACIÓN REQUIRIDA NA CONVOCATORIA	
DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA	
☐ DNI ou documento acreditativo ☐ Xustificante do pagamento ☐ Acreditación de familia numerosa ☐ Acreditación como demandante de emprego ☐ Acreditación da discapacidade ☐ Copia da titulación requirida para participar no concurso	☐ Credencial de avaliación positiva ACSUG/ ANECA ☐ Certificado R3 ou I3 ☐ Documentación xustificativa do coñecemento de inglés ☐ Outra (indicar): _____

SOLICITO ser admitido/a para as probas selectivas a que se refire a presente instancia e **DECLARO** baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados nela, que reúno as condicións esixidas na convocatoria e, de ser o caso, para o ingreso na función pública, e comprométo-me a acreditar documentalmente todos os datos que figuran na solicitude no caso de superar o proceso selectivo ou en calquera outro momento en que me sexan requiridos.

....., a.....dede 20

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE



De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos), e no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos indicados no formulario serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico rpdc@udc.gal.

Estes datos serán tratados coa finalidade de xestionar todo o proceso selectivo, o cal inclúe as publicacións realizadas no Taboleiro oficial da Sede electrónica da UDC. As persoas que se encontren en situación de violencia de xénero ou similar, e que desexen exercer o seu dereito de oposición á publicación dos seus datos, poranse en contacto co Servizo e Persoal Docente e Investigador. Este tratamento fundaméntase na función da Universidade como Administración Pública que emprega-con base na Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario. Os datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

As persoas participantes poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento dos seus datos persoais, nos termos previstos na lexislación vixente, nos termos indicados en

https://www.udc.es/es/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/normativa-dereitos-e-rexistro/index.html#dereitos.

Asemade, tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.



ANEXO III

Guía para a presentación da documentación

Todas as solicitudes presentaranse a través da sede electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal/>).

Os ficheiros da solicitude e da documentación indicada na base 3 da convocatoria deberán presentarse en formato pdf e non poderán exceder a capacidade de 5 MB por arquivo.

Os arquivos nomearanse:

NIF.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Solicitud.pdf

Taxa.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Titulacion.pdf (permítese tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Acreditacion_avalación.pdf

A solicitude deberá asinarse electrónicamente.



ANEXO IV

Currículo e documentación acreditativa dos méritos

O currículo, en formato libre, incluíra os datos persoais e deberá conter, cando menos, a información relativa aos seguintes méritos:

1. Formación académica

2. Experiencia docente

2.1. Docencia universitaria en titulacións oficiais

2.2. Calidade docente

2.2.1. Avaliación no programa Docentia

2.2.2. Elaboración de manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria

2.2.3. Participación en proxectos e grupos de innovación docente

2.2.4. Estadías docentes

2.2.5. Mobilidade docente

2.2.6. Premios e recoñecementos docentes

2.2.7. Formación docente impartida

2.2.8. Formación docente recibida

2.3. Outros méritos

3. Experiencia investigadora e de transferencia

3.1. Publicacións científicas

3.2. Comunicacións en reunións científicas

3.3. Bolsas e contratos pre e posdoutorais

3.4. Estadías pre e posdoutorais

3.5. Dirección de teses de doutoramento

3.6. Participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas e en convenios de investigación

3.7. Accións de transferencia e divulgación

3.8. Outros méritos

4. Experiencia profesional e de xestión

4.1. Experiencia profesional na especialidade de coñecemento da convocatoria

4.2. Dirección e xestión universitaria ou científica

4.2.1. Cargos académicos

4.2.2. Coordinación de titulacións

4.2.3. Dirección de revistas ou editoriais científicas

4.2.4. Participación en axencias de avaliación

4.3. Outros méritos

A acreditación dos méritos realizarase do seguinte xeito:

1. Formación académica

Certificacións académicas oficiais expedidas polas autoridades competentes.

2. Experiencia docente

2.1. Docencia universitaria en titulacións oficiais

Folla de servizos ou contrato de traballo e certificación de docencia asinada pola autoridade competente

2.2. Calidade docente

Certificacións expedidas pola autoridade académica competente. No caso das publicacións, copia da primeira e da última páxina da publicación xunto co índice xeral e as páxinas que conteñan os créditos editoriais. No caso das comunicacións, certificación da participación no congreso e resumo do traballo ou copia da publicación no libro de actas.



3. Experiencia investigadora e de transferencia

3.1. Publicacións científicas

No caso dos artigos publicados en revistas, DOI e/ou ligazón permanente ao traballo depositado en repositorios institucionais; no caso dos libros e capítulos de libros, la copia da primeira e da última páxina da publicación xunto co índice xeral e as páxinas que conteñan os créditos editoriais

3.2. Comunicacións en reunións científicas

A certificación da participación no congreso e o resumo do traballo ou copia da publicación no volume de actas

3.3. Bolsas e contratos pre e postdoutorais

Copia do contrato ou da credencial de concesión da bolsa e certificación emitida pola autoridade competente na que conste o período efectivo de vinculación contractual ou de ser beneficiario/a da bolsa

3.4. Estadías pre e postdoutorais

Permiso da institución de orixe, invitación do centro de destino e certificación da realización da estadía

3.5. Dirección de teses de doutoramento

Certificación expedida por la autoridade académica competente

3.6. Participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas e en convenios de investigación

Certificación expedida pola autoridade académica competente na que conste o nome do proxecto, convenio ou contrato, a entidade financiadora, a financiación recibida e o tipo de participación da persoa candidata

3.7. Acciones de transferencia e divulgación

Certificacións emitidas polos organismos correspondentes

4. Experiencia profesional e de xestión

4.1. Experiencia profesional na especialidade de coñecemento da convocatoria

Informe de vida laboral, os contratos e a certificación da actividade profesional realizada, que inclúa os postos e as funcións desempeñadas. Para as prácticas externas, a certificación expedida pola universidade.

4.2. Dirección e xestión universitaria ou científica

Certificación expedida pola autoridade competente